

## Acta da Xunta de Escola extraordinaria do 3 de maio de 2019

### Asistentes:

Agado Agelet, Fernando  
Alonso Alonso, Ignacio  
Alvarez Sabucedo, Luis Modesto  
Auido Rifón, Luis Enlago  
Araujo Novoa, Diego  
Arias Actuña, Alberto Marcos  
Blanco Fernández, Yolanda  
Burguillo Rial, Juan Carlos  
Cacero Rodríguez, Manuel  
Calvo Ruibal, Natividad  
Cardenal López, Antonio José  
Carro Parafita, Pedro Manuel  
Comesaña Allaro, Pedro  
Costas Pérez, Lucía  
Couto Cancela, Daniel  
Cunias Gómez, Inigo  
de Lorenzo Rodríguez, María Edith  
Díaz Redondo, Rebeca Pilar  
Docio Fernández, Laura  
Domínguez Gómez, Miguel Ángel  
Fandiño Otero, Antía  
Fernández Barciela, Mónica  
Fernández Bernárdez, José Ramón  
Fernández Manín, Generosa  
Fernández Massaguer, Francisco  
Fernández Veiga, Manuel  
Fernández Vilas, Ana  
García Duque, Jorge  
García Mateo, M<sup>a</sup> del Carmen  
García Sánchez, Manuel  
García Tuñón Blanca, Inés  
Gil Solla, Alberto  
Gómez Araujo, Marta  
González Actuña, Iván  
González González, Alfredo  
González González, Jaime  
González Rodríguez, Ramón  
Herrería Alonso, Sergio  
Janciro Cotoira, Candela  
Lago Ramilo, Marcos  
Llamas Nistal, Martín  
López Ardao, José Carlos  
López Bravo, Cristina  
López García, Cándido  
López Nores, Martín  
López Valcárcel, Luis Antonio  
Lagilde López, Adrián  
Machado Domínguez, Fernando  
Márquez Flórez, Oscar William  
Martín Herrero, Julio  
Martín Méndez, Alberto Lucio  
Martín Rodríguez, Fernando  
Martínez Souto, Sofía  
Martínez Varela, Aneka  
Mikic Fonte, Fernando  
Mojón Ojea, Artemio  
Mosquera Nartallo, Carlos  
Moure Rodríguez, María José  
Neira Veiga, Adrián  
Obelleiro Basteiro, Fernando  
Pazos Arias, José Juan  
Pérez Fontán, Fernando  
Pérez González, Fernando  
Pérez López, Serafín Alfonso  
Porta Lorenzo, Manuel  
Prado Rial, Tomás  
Prieto Gómez, Cristina Magdalena  
Puente Chantada, Sara  
Quintás Graña, Camilo  
Ramiro Comesaña, Xian  
Rodríguez Banga, Eduardo  
Rodríguez Calvo, Eduardo  
Rodríguez Couto, Oscar  
Rodríguez Hernández, Pedro Salvador  
Rodríguez Maijide, Jorge  
Rodríguez Parto, María Loreto  
Rodríguez Pérez, Miguel  
Rodríguez Rodríguez, José Luis  
Rodríguez Rubio, Raúl Fernando  
Rubiños López, José Oscar  
Santalla del Río, María Verónica  
Santos Gago, Juan Manuel  
Sobreira Seoane, Manuel A.  
Suárez González, Andrés  
Valdés Peña, María Dolores  
Vera Isasa, María

### Desculpan a súa ausencia:

Cosín Montenegro, Enrique  
Gil Castiella, Felipe  
González Vázquez, Beatriz  
Isasi de Vicente, Fernando  
Pena Giménez, Antonio  
Pino García, Antonio  
Poza González, Francisco  
Torres Guijaro, María Soledad

### CONVOCATORIA

DÍA: venres, 3 de maio de 2019

HORA: 12:30 en primeira convocatoria, 13:00 en segunda

LUGAR: Sala de Xuntas da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, se procede, de informe sobre a actividade docente do profesor Francisco Javier Fernández Masaguer.

As 13:00 horas do día 3 de maio de 2019 comeza en segunda convocatoria a sesión extraordinaria da Xunta de Escola da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación, baixo a presidencia de D. Íñigo Cuiñas Gómez e actuando como secretario D. Miguel Ángel Domínguez Gómez.

## **1. Aprobación, se procede, de informe sobre a actividade docente do profesor Francisco Fernández Masaguer**

O Director expón que na sesión da Xunta de Escola da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación celebrada o 19 de decembro de 2018 aprobouse por maioría (13 votos a favor de informar favorablemente, 38 votos en contra de informar favorablemente, 13 votos en branco e 19 abstencións) emitir informe desfavorable sobre a actividade docente do profesor Francisco Javier Fernández Masaguer para o período do 01/10/2013 ó 30/09/2018. O 23 de xaneiro de 2019 o profesor Francisco Javier Fernández Masaguer presentou recurso de alzada contra esta resolución. O 20 de marzo de 2019 o Consello de Goberno da Universidade acordou estimar este recurso de alzada no sentido de retrotraer o procedemento para que pola Xunta de Escola se volva a informar sobre a actividade docente do profesor, coa correspondente motivación.

Os membros da Xunta de Escola tiveron dispoñible antes da celebración da presente sesión da Xunta de Escola a seguinte documentación:

- Solicitud á Secretaría Xeral de documentación sobre o desempeño docente do profesor Francisco Javier Fernández Masaguer e permiso para distribuíla entre os membros da Xunta de Escola.
- Resolución da Secretaría Xeral coa documentación autorizada a distribuír ós membros da Xunta de Escola.
- Informe sobre a actividade docente do profesor Francisco Javier Fernández Masaguer aprobado pola Xunta de Escola na sesión celebrada o 19 de decembro de 2018.
- Recurso de alzada presentado polo profesor Francisco Javier Fernández Masaguer contra a resolución da Xunta de Escola.
- Informe do Director da Escola sobre este recurso de alzada.
- Informe da Asesoría Xurídica da Universidade sobre este recurso de alzada.
- Resolución do Consello de Goberno da Universidade sobre este recurso de alzada.
- Resposta do Director da Área de Calidade á petición de documentación sobre o desempeño docente do profesor Francisco Javier Fernández Masaguer.
- Resultados do programa Docentia sobre a valoración do profesor Francisco Javier Fernández Masaguer para os cursos 2014/15, 2015/16 e 2016/17.
- Ficha do Plan de Accións de Mellora sobre a materia “Seguridade” do Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación, impartida polo profesor Francisco Javier Fernández Masaguer.
- Resultados das enquisas de seguimento da materia “Seguridade” dos cursos 2016/17 e 2017/18.

Proporcionouse ós membros da Xunta de Escola un prazo, antes da celebración desta sesión extraordinaria da Xunta de Escola, para propoñer posibilidades de resolución. Enviouse a tódolos membros da Xunta de Escola, antes da celebración desta sesión extraordinaria da Xunta de Escola, as propostas para a votación na mesma, incluíndo á motivación dun posible informe desfavorable e a declaración de incompetencia para tomar unha resolución diferente.

O Director expón as opcións posibles que se van a votar e a motivación que acompañará ó informe no caso de que sexa desfavorable.

A continuación ábrese unha quenda de palabra.

O profesor Luis Eulogio Anido Rifón pide que conste en acta o seguinte texto:

“A motivación presentada para a emisión do informe desfavorable que redactou o director, utiliza como argumento o Plan de Mellora da materia ‘Seguridade’. A actuación do interesado, e os resultados do Plan de Mellora na devandita materia, xa foron analizados polo instructor do expediente que se menciona, e o seu resultado foi favorable ao interesado. En consecuencia, como xa advertiu o Consello de Goberno e a Asesoría Xurídica da Universidade de Vigo, non procede a utilización de argumentos xa resoltos a favor do interesado

no expediente mencionado. Varios membros da Xunta de Escola veñen de expoñer á dirección, de forma reiterada, que deben utilizarse motivacións non recollidas xa, e resoltas a favor do interesado, no devandito expediente”.

Unha vez rematada a quenda de palabra proponse votar entre emitir un informe favorable á actividade docente do profesor Francisco Javier Fernández Masaguer para o período solicitado ou un informe desfavorable coa motivación exposta nesta Xunta de Escola. No caso de que nesta votación salga aprobado emitir un informe desfavorable, igual que a resolución tomada na sesión da Xunta de Escola celebrada o 19 de decembro de 2018 e contra a que se presentou o recurso de alzada que motivou esta nova deliberación, proponse facer outra votación para saber se os membros da Xunta de Escola están a favor ou en contra de que a Xunta de Escola se declare incompetente para resolver este asunto cunha decisión diferente á obtida e remitir directamente as actuacións sobre este asunto ó Consello de Goberno como órgano superior competente, segundo o artigo 14 do Réxime Xurídico do Sector Público.

Por motivos de axilidade e para facer máis operativa a chamada á votación dos membros de Xunta de Escola, repártese unha papeleta entre os presentes onde están incluídas as dúas votacións propostas. Desta forma só hai que chamar unha vez á urna a cada un dos membros presentes da Xunta de Escola. O resultado da segunda votación só se terá en conta se na primeira votación sae aprobado emitir un informe desfavorable.

Procédese á votación. Faise reconto da primeira votación sobre o informe da actividade docente do profesor Francisco Javier Fernández Masaguer para o período solicitado. O resultado desta votación é o seguinte:

- 25 votos a favor de informar favorablemente sobre a actividade do profesor Francisco Javier Fernández Masaguer para o período solicitado.
- 37 votos a favor de informar desfavorablemente sobre a actividade do profesor Francisco Javier Fernández Masaguer, para o período solicitado, coa motivación exposta na Xunta de Escola.
- 12 votos en branco.
- 12 abstencións.

Apróbase, por maioría, emitir informe desfavorable sobre a actividade docente do profesor Francisco Javier Fernández Masaguer para o período do 01/10/2013 ó 30/09/2018. Este informe desfavorable emítase coa seguinte motivación:

“A Comisión de Renovación de Acreditación do Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación, no seu informe, marcou a tarefa de “Resolver los incumplimientos de la guía y obligaciones docentes en la materia de Seguridad”. Isto levou, por unha banda, ao establecemento dun Plan de Mellora, e pola outra á necesidade de render contas anuais sobre o particular no Informe de Seguimento e plurianualmente no seguinte proceso de Renovación da Acreditación ante unha comisión externa. Aínda que o Consello de Goberno considera que a Resolución Reitoral, apoiada no informe dun instrutor da propia Universidade que pecha o expediente contra o profesor Fernández Masaguer, tamén valida a súa actividade ao respecto desta esixencia de renovación da acreditación, o certo é que no informe de obtención do Selo Internacional de Calidade EurACE (emitido varios meses despois da Resolución Reitoral mencionada) mantense a dita obrigaón relativa a “Seguridade”. Nas enquisas de seguimento do Plan de Melloras da materia “Seguridade”, en anos incluídos no período de avaliación deste Informe sobre a Actividade Docente, detéctase o incumprimento do obxectivo do Plan de Melloras “el objetivo es que la guía docente se aplique, lo que se considerará logrado si más del 75% de los alumnos así lo consideran en cada una de las encuestas al respecto que se realizarán a lo largo de cada curso”: as respostas á pregunta sobre o cumprimento da guía docente din que se cumpre: 72% (2016/17-enq.1), 68.2% (2016/17-enq.2), 90% (2016/17-enq.3), 55.6% (2017/18-enq.1), 62.5% (2017/18-enq.2). So se supera o 75% en unha das cinco enquisas”.

Como o resultado da primeira votación é de “Informe Desfavorable”, procédese ó reconto da segunda votación. O resultado desta votación é o seguinte:

- 33 votos a favor de que a Xunta de Escola se declare incompetente para resolver este asunto cunha decisión diferente á tomada e remitir directamente a decisión sobre este asunto ó Consello de Goberno como órgano superior competente, segundo o artigo 14 do Réxime Xurídico do Sector Público.
- 25 votos en contra de que a Xunta de Escola se declare incompetente para resolver este asunto cunha decisión diferente á tomada e remitir directamente a decisión sobre este asunto ó Consello de Goberno como órgano superior competente, segundo o artigo 14 do Réxime Xurídico do Sector Público.
- 15 votos en branco.
- 1 voto nulo.
- 12 abstencións.

Apróbase, por maioría, que a Xunta de Escola se declare incompetente para resolver este asunto cunha decisión diferente á tomada e remitir directamente a decisión sobre este asunto ó Consello de Goberno como órgano superior competente, segundo o artigo 14 do Réxime Xurídico do Sector Público.

E sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión cando son as 14:40 horas do 3 de maio de 2019.

Vigo, 3 de maio de 2019

O Director  
Íñigo Cuiñas Gómez

O Secretario  
Miguel Ángel Domínguez Gómez